





1. A persoa titular da Xerencia dunha área sanitaria é nomeada ...

- A) Por acordo do Consello da Xunta.
- B) Polo Presidente da Xunta.
- C) Por decreto do Consello da Xunta.
- D) Por orde da persoa titular da Consellería de Sanidade.

2. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, o persoal sanitario clasifícase, atendendo ao nivel académico do título esixido para o seu ingreso, da seguinte forma:

- A) Persoal licenciado e persoal diplomado.
- B) Persoal de formación universitaria e persoal de formación profesional.
- C) Persoal de formación universitaria, persoal de formación profesional e persoal sanitario sen titulación oficial.
- D) Persoal de formación superior e persoal de formación media.

3. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento por substitución:

- A) É necesario cando o paciente é menor de idade.
- B) Será sempre por escrito.
- C) Corresponde sempre a familiares do paciente.
- D) Ninguna das respostas anteriores é correcta.

4. Entre as seguintes, indique cal NON é unha situación administrativa do persoal estatutario:

- A) Excedencia especial en activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Servizo activo.
- D) Excedencia por servizos no sector público.

5. A Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, ten por obxecto:

- A) A regulación de todas as estruturas e servizos públicos ao servizo da saúde.
- B) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde.
- C) Establecer as bases para que a poboación alcance e manteña o maior nivel de saúde posible.
- D) Coordinar a organización e xestión do conxunto dos servizos asistenciais do Sistema Nacional de Saúde.

6. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) Non debe conter valoracións subxectivas sobre a evolución clínica do paciente.
- B) Debe conter suficiente información para documentar o proceso de atención sanitaria do paciente.
- C) É propiedade do médico ou profesional responsable.
- D) Debe destruírse cando transcorran 20 anos desde o falecemento do paciente.

7. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que os aspirantes nun proceso de selección de xefatura de personal licenciado sanitario deberán acreditar un mínimo de:

- A) Un ano de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, no Servizo Galego de Saúde, ou 5 anos nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Un ano de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, no Servizo Galego de Saúde, ou 3 anos nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.

8. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, os delegados de prevención serán designados:

- A) Por sorteo, entre os traballadores que se presenten voluntariamente.
- B) Pola dirección da empresa.
- C) Polos traballadores.
- D) Por e entre os representantes do persoal.

9. Atendendo ao artigo 9 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, indique unha das causas polas que procede o cesamento do persoal con nomeamento de interinidade:

- A) Cando se supriman as tarefas que motivaron o nomeamento.
- B) Cando venza o prazo que expresamente se determine no nomeamento.
- C) Cando se incorpore personal fixo, polo procedemento legal o regulamentariamente establecido, á praza que se desempeña.
- D) Cando a praza sexa ofertada nun concurso de traslados.

10. Entre os seguintes, indique cal NON é un órgano directivo dunha área sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) Dirección Asistencial.
- B) Dirección de Atención Hospitalaria.
- C) Dirección de Recursos Económicos.
- D) Dirección de Prevención de Riscos Laborais.

Preguntas de reserva

1. Indique cal das seguintes é unha retribución básica do persoal estatutario:

- A) Complemento de carreira.
- B) Trienio.
- C) Complemento de produtividade.
- D) Complemento de destino.

2. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo:

- A) Debe axustarse a unha taxa de reposición de efectivos.
- B) Non pode realizarse polo sistema de oposición.
- C) Efectuarase con carácter xeral polo sistema de concurso oposición.
- D) Non pode realizarse polo sistema de concurso.